

CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS


PXA

Programación Xeral Anual

Rev. 0

Data: 15/02/05


Páx. 1 de 49



CPI de ATIOS  
Valdoviño

# Programación Xeral Anual

Curso *2012-2013*



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

PXA


Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 2 de 49

## Organigrama




Guadalupe Dacosta López  
Graciela Grande Veloso  
Dolores Freire Villar  
Blanca Riveira Roca  
Carmen Paz Ladra  
Nuria Gutiérrez González  
Santiago Cadarso Vázquez  
Elsa Pardo Montero  
Ana Mª Ramos Montero

Juan Luis Allegue Iglesias  
Andrés Díaz Prieto  
Eva Leira Gómez  
Gloria Margaride Pérez  
Carmen Hermida García  
Laura A Fernández Blanco  
Cristina Soto Fernández  
José Antonio Campos Santos  
Mª Jesús López Maiztegui

Diego Bouza Padín  
Eva Couce Coba  
David Eiroa Ouviaña  
Iván Hinojo Sánchez  
Antonio Cebreiro Mleiro  
Mª Delfina Bañobre Durán  
Carmen Fernández Ferreira  
Mª Alicia González Alonso  
Alejandro Cadarso Vázquez

Patricia Fernández Ferreiro  
María del Mar Villares Díaz  
Javier Fontao Barro  
María Esther López Fraga

 <b>CPI de ATIOS Valdoviño</b>	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	<b>Programación Xeral Anual.</b>	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 3 de 49

M<sup>º</sup> Isabel Pazos Rodríguez  
Dolores Somoza Rodríguez  
José Manuel Cruz Regueiro  
Carmen Castro Pereira  
Francisco Cordido Insua

Teresa Dopico Rivera  
Daniel Díaz Viqueira  
M<sup>º</sup> I Carmen Barro Suegras  
Cristina Martínez Romero  
Luisa Sánchez López

Mercedes Bustabad Pérez  
Begoña Lourido Romeu  
Manuela Filgueira Rico  
Tania M<sup>º</sup> Ruanova Suárez  
Jesús Piñón Pérez

## CONTEXTO XERAL DO CENTRO

### **1.1 Datos xerais e situación de partida.**

O CPI de Atios, catalogado na Rede de Centros como centro de catro unidades de Educación Infantil , doce unidades de Educación Primaria e oito de ESO está a funcionar con cinco unidades de Ed. Infantil, doce de Ed. Primaria e oito de ESO incluíndo os Programas de Diversificación Curricular en 3<sup>º</sup> e 4<sup>º</sup> de ESO.


As unidades de Educación Infantil, e o 1<sup>º</sup> Ciclo de EP están emprazadas na planta baixa así como o Comedor.

As unidades correspondentes a Segundo e Terceiro Ciclo de Educación Primaria están situadas na 1<sup>a</sup> planta xunto coa aula de PDC de 3<sup>º</sup>, a de Plástica e Visual, o Laboratorio, a aula de Tecnoloxía, a aula de PT de EI e EP, un pequeno espazo, destinado a varios departamentos que se utiliza como aula de AL e dous espazos reducidos para os departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Equipa de Normalización e Dinamización Lingüística, Lingua Inglesa, Lingua Francesa e Matemáticas. Ademais nestes espazos hai que facer desdobres de Atención Educativa de EI e EP e de Linguas Estranxeiras.

Na 2<sup>a</sup> planta están as aulas de ESO, a aula de Música, a de Informática, a Biblioteca, a aula de PT de ESO, a aula de AL, o Departamento de Orientación e un espazo reducido que se utiliza para os departamentos de Xeografía e Historia e o departamento de Relixión e para facer os desdobres de atención educativa en ESO e de exentos de francés en 1<sup>º</sup> e 2<sup>º</sup> de ESO.

### **1.2 Alumnado.**

En xeral o alumnado é bastante homoxéneo aínda que presenta dificultades en casos concretos para a formación de grupos e para a integración dos alumnos con características persoais específicas. Non

 <p>CPI de ATIOS Valdoviño</p>	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 4 de 49

temos integración xitana. O nivel de alumnado con fracaso é medio, máis baixo en EI e EP e máis alto en ESO. En EI só un caso non superou os obxectivos de 6º e ningún en EP.

En 1º de ESO non promocionaron tres, en 2º tres , en 3º tres e en 4º de ESO un.

O alumnado con Necesidades Educativas Especiais, con Necesidades Educativas Específicas e con dificultade para a aprendizaxe está bastante repartido por tódolos niveis de ensino que se imparten no CPI, circunstancia que obriga a contemplar a necesidade de dar un apoio regular en moitos cursos.


Ao alumnado que é desviado ao profesorado de apoio pola súa conducta disruptiva deberáselle cubrir un parte de incidencia no que constará a hora da saída da aula e a hora de chegada á biblioteca e pode levar traballo, proposto polo profesorado da súa aula de referencia, para realizar no tempo que permaneza nesa aula.

### **1.3 Especialidades provisionais.**

Hai un número significativo de alumnado con deficiencias de audición e linguaxe e este curso tampouco se enviou un docente desa especialidade, cando levamos cursos demandando a creación dunha segunda praza definitiva.

Si foi enviado un especialista provisional de PT coa función de atender ao alumnado con deficiencias motóricas, ademais dunha mestra provisional .

Temos adxudicados dous provisionais para impartir docencia na ESO é tamén dous mestres de EI. Este ano está desdoblado o grupo de 4º de EI que conta con 34 nenos e nenas. Esta circunstancia ratifica a necesidade da creación destes postos de traballo no Centro, que ano tras ano está tendo un incremento de matrícula. Ademais houbo que facer un grupo mixto con alumnado de 5º e 6º de infantil porque nos dous casos se superaba a ratio.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 5 de 49

#### **1.4 Horarios do profesorado.**

Para cumprir o establecido no acordo asinado a finais do curso 06-07 é preciso que se dote ao centro de máis persoal que o que aparece no novo catálogo de postos de traballo.

En ESO tamén resulta escaso o número de profesores. Para poder cubrir as gardas vímonos na obriga de reducir a unha hora as horas de atención a alumnado e de atención a pais para o profesorado que non ten asignada titoría. Este situación é este ano máis preocupante debido a que o profesorado debe cubrir 20 horas lectivas no seu horario.

Outra das dificultades é facer coincidir as horas de coordinación de PDC ou as de reunión dos titores coa Xefe do Departamento de Orientación este ano no se produce porque estas horas agora figuran como complementarias no fixas, é dicir, no figuran no horario.

Se en EI e EP o número de mestres é escaso como pasa na maioría dos centros, en ESO o número de profesorado é máis escaso que o doutros centros e o peor é o agravio comparativo con estes. Resulta difícil de explicar ao profesorado que mentres aquí hai horas nas que só temos unha persoa de garda na comarca existen centros con moitos máis profesores de garda nalgunhas horas.

Somos un centro cunha traxectoria de participación en varios programas de innovación educativa todos os cursos. No curso pasado comprobamos a imposibilidade de levar adiante todo o que esixe a implantación da LOE e os obxectivos que figuraban no Proxecto de Dirección que presentou Delfina como directora a finais do curso 06-07. No curso 2011-12 remata ese período e , se ben é certo que se fixeron moitas cousas coas que non se contaba, algunhas das previstas van quedar sen acadar.

Este curso o Equipo directivo presenta cambios así, eu, Antonio Cebreiro Melero asumo o cargo de director e atopo o mesmo problema que a miña antecesora, o traballo do profesorado e o do Equipo directivo veuse incrementado polo desenvolvemento da avaliación



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.


Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 6 de 49

diagnóstica, a axuda para libros, a xestión do comedor e os problemas xurdidos no inicio do curso pola carencia de prazas nos servizos complementarios, e coas carencias das obras que quedaron sen realizar, aínda que está previsto que ditas obras comecen en decembro.

Como aspecto positivo temos que destacar o aumento de 10 prazas no comedor respecto ao curso pasado, así como o remate do pintado de dúas aulas e amaño de canalóns .



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 7 de 49

### 1.5 Calendario escolar

#### Calendario escolar curso 2012-2013

SETEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Día **12**: Comezo das actividades lectivas en **EI** e **EP**.

Día **17**: comezo das actividades lectivas en **ESO**.

OUTUBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Día 12: Día da Hispanidade

NOVEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

Día **1**: Todos os Santos

Día **2** : Día do Ensino

DECEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						


Día **6**: Día da Constitución

XANEIRO						
L	M	Me	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Días **1** ao **7**: Vacacións Nadal

FEBREIRO						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

Días **11** ao **13** : Vacacións de Entroido



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpiatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

### Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 8 de 49

Día **7**: Día non lectivo

Día **30**: Día da Paz

Día **10**: Declaración Universal  
dos Dereitos Humanos

MARZO						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Do **25** ao **31**: Semana Santa

Día **8**: Muller Traballadora.

Do **8** ao **12**: Semana da Prensa

**15**: Dereitos Consumidor

ABRIL						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Día **1**: Semana Santa

Día **7**: Día Mundial da Saúde.

Entre o **12** e o **30**: Día do Libro

MAIO						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Día **1**: Festa do Traballo

Día **9**: Día de Europa.

Día **16**: Día non lectivo

Día **17**: Día das Letras Galegas

XUÑO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Día **5**: Día Mundial do Ambiente

Día **21**: Fin das clases en **EI**, **EP** e **ESO**

Día **12 de setembro**: Comezo das actividades lectivas en **EI** e **EP**.


Día **17 de setembro**: Comezo das actividades lectivas en **ESO**.

Día **22 de xuño**: Fin das actividades lectivas en **EI** e **EP**.

Día **23 de xuño**: Fin das actividades lectivas en **ESO**.

Día **24 de xuño**: Día non lectivo



 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 9 de 49

## *2. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO*

### **2.1 Prepararnos para pasar no segundo trimestre do curso 2012-2013 a auditoría interna e no terceiro trimestre a de renovación de AENOR coa finalidade de conservar a Certificación.**

a.- Continuar coa implantación dos procedementos elaborados nos cursos anteriores.

b.- Revisar os procedementos xa implantados e introducir as modificacións precisas para que a comunidade educativa vexa o sistema de calidade como unha potente ferramenta de mellora.

c.- Manter actualizados todos os rexistros xerados polo sistema de calidade, para poder medir e avaliar as diferentes características de calidade marcadas dende o centro.


d.- Promover a informatización do caderno do profesorado e do caderno de titoría.

### **2.2 Crear as estruturas necesarias para que se produza unha verdadeira participación educativa.**

a.- Tentar un reparto equilibrado das horas para acadar un nivel de participación homoxéneo e evitar diferenza que poidan quebrantar a boa harmonía do claustro.

b.- Continuar cos grupos de traballo que dinamicen o Centro: Biblioteca, Abalar, Apoio, Rede de Centros de Calidade, Dinamización Lingüística.

c.- Establecemento de horario específico para o profesorado que realiza labores de apoio, sobre todo naqueles niveis máis necesitados.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 10 de 49

d.- Dar continuidade á coordinación tanto vertical como horizontal sempre tratando de establecer melloras e incorporalas ao funcionamento do Centro.

### **2.3 Dotar ao Centro dunha infraestrutura que permita unha administración informatizada , moderna e segura.**

a.- Facer operativo e de uso habitual o programa de xestión das bases de datos coas que conta a páxina Web do CPI.

b.- Dotar a todo o profesorado que o demande dun ordenador portátil para levar o caderno do profesorado e de titoría en soporte informático.

c.- Utilizar o XADE en todas as súas posibilidades.

d.- Consolidar o proxecto Abalar e proporcionar ao profesorado implicado a formación precisa para sacarlle o máximo partido á dotación destas aulas.

e.- Poñer en funcionamento a 2º aula de informática para EI e EP.


f.- Adquirir papel específico para imprimir os boletíns de información ás familias, evitando así posibles falsificacións.

### **2.4 Animar tanto ao alumnado coma ao profesorado a participar activamente nas actividades Extraescolares e complementarias.**

a.- Participar nas actividades propostas polo Concello e outros organismos oficiais cando estean axeitadas ás idades do noso alumnado.

b.- Participar, na medida das posibilidades, dos diferentes grupos de traballo nos plans e programas convocados pola DXOIE.

### **2.5 Profundar na dinamización do uso da lingua galega.**

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 11 de 49

a.- Reiterar as motivacións de uso e emprego diario da nosa lingua nas relacións entre profesorado, alumnado e pais e nais de alumnado.

b.- Emitir integramente en lingua galega tódalas certificacións, solicitudes e escritos procedentes da administración do Centro que estean dirixidos á nosa Comunidade Autónoma.

c.- Tratar de empregar o Galego nas relacións co alumnado tanto fóra da clase como naquelas materias non incluídas no mínimo regulamentado.

d.- Realizar actos, festivais, teatro, revista escolar, etc. en galego.

e.- Animar e favorecer, mediante a colaboración de todos, o traballo e as iniciativas da EDLG

f.- Elaborar materiais en galego por iniciativa e seguimento dos diferentes grupos de traballo e da EDLG.


g.- Continuar co mantemento da páxina web do Centro con contidos en galego, onde se recolla a vida do centro, a súa administración, modelos de documentos e calquera outra circunstancia que un membro da Comunidade educativa poida necesitar, facilitando o acceso ao correo electrónico para posibles comunicacións.

## **2.6 Mellorar as instalacións e procurar a súa conservación e limpeza.**

a.-Seguir negociando co Concello para que dote ao Centro dun presuposto para mantemento.

b.- Conseguir adecuar o perímetro do parque de Educación Infantil.

c.- Continuar coas negociacións coa Xefatura Territorial para conseguir a ampliación do centro para dotalo dos espazos necesarios para acoller a todo o alumnado e para os desdobres precisos.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 12 de 49

## **2.7 Elaborar unha programación de Atención Educativa para todos os niveis que se imparten no CPI.**

a.- Establecer actividades progresivas para todos os niveis que reciben atención educativa.

b.- Diseñar actividades tendentes a mellorarnos como persoas en temas como o a convivencia e a conservación do Centro, medio ambiente, etc.

## **2.8 Incrementar o noso compromiso medioambiental.**

a.- Incentivar a recollida de aceite de uso doméstico a toda a comunidade educativa.

b.- Continuar coa recollida de pilas e aluminio.

c.- Incrementar a recollida de consumibles de impresoras.

d.- Levar a cabo actividades que fomenten a redución do consumo de electricidade e gasóleo.


e.- Concienciar á comunidade educativa da redución do consumo de aluminio

f.- Utilizar os residuos orgánicos da cociña para facer compostaxe utilizando os composteiros cedidos polo Concello.

## **2.9 Aumentar o capital simbólico do Centro.**

a.- Mellorar a imaxe exterior e interior do centro.

b.- Publicar na páxina WEB e enviar notas á prensa das actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo ao longo do curso.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 13 de 49

## **2.10 Mellorar as competencias lingüísticas do alumnado e o profesorado.**


- a.- Facilitar a incorporación ao centro da Auxiliar de Conversa.
- b.- Continuar coa sección bilingüe e poñer en funcionamento a de plástica nos dous grupos de 1º, 2º e 3º de EP.

## **2.11 Incrementar o funcionamento da xunta de delegados/as**

- a.- Establecer reunións periódicas da xunta de delegad@s a partires do 3º ciclo de EP.
- b.- Elaborar unha guía para recoller as funcións dos delegad@s .

## **2.12 Dar continuidade aos diferentes proxectos comezados nos cursos pasados e ás actividades propostas polos equipos encargados do seu desenvolvemento.**

- a.- Proxecto Biblioteca, configurar o equipo para a informatización de fondos e actividades de dinamización. Iniciar a informatización no programa MEIGA.
- b.- Proxecto Comedor Escolar, implicar a toda a comunidade educativa na implantación de hábitos alimenticios saudables
- c.- Proxecto Actividades complementarias e extraescolares, configurar o equipo e preparar actividades para desenvolver nas datas oportunas sinaladas.
- d.- Proxecto Páxina Web, manter actualizados os datos do centro, da administración, dos diferentes equipos, das actividades do centro, das bases de datos e aquela información que a ANPA nos procure.
- e.- Revista dixital, manter actualizados os recursos da revista dixital integrada dentro da Páxina web do centro, que o alumnado e o profesorado incorpora de forma continuada durante todo o curso.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 14 de 49

f.- Proxecto Plan de Formación Permanente en Centros, queremos participar no mesmo para dar ao noso profesorado unha formación actualizada e individualizada segundo as súas necesidades

g.- Proxecto Plan Proxecta no que participamos con dúas liñas de actuación cos programas Querote+ e Distribución de froitas


A organización e a responsabilidade de acadar os obxectivos propostos corresponde aos diferentes equipos segundo as competencias recollidas na regulamentación oficial, así como aos diferentes cargos recollidos no cadro de organización pedagóxica.

**Equipo Directivo**  
**Equipos Docentes**  
**Comisión de Coordinación Pedagóxica**  
**Equipa de Dinamización da Lingua Galega**  
**Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares**  
**Equipo de Orientación**  
**Equipos de Dinamización**  
**Claustro de Profesorado**  
**Consello Escolar**

### **2.13 Avaliación.**

No sistema de Calidade están recollidos tódolos procedementos de avaliación e tendo en conta o noso primeiro obxectivo, a consecución ou non deste obxectivo é o indicador fundamental da avaliación para o curso 2012/2013.

De tódolos xeitos a colaboración dos diferentes membros da Comunidade Educativa, a implicación dos diferentes sectores, os efectos que todas as súas accións exerzan sobre ela, así como os éxitos obtidos e as carencias apreciadas, serán os indicadores principais cara á avaliación deste PXA proposto para o presente curso, que quedarán puntualmente reflectidos na Memoria anual de fin de curso.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.


Rev. 0

Data: 15/02/05

Pág. 15 de 49

### 3. CADRO DE DATOS DE MATRICULA NÚMERO DE ALUMNADO POR NIVEIS E PROFESORADO ADSCRIPTO

Nivel	Nº	Profesorado	Especialidade
<b>Educación infantil</b>			
4º A	17	Blanca Riveira Roca	Ed. Infantil
4º B	17	Nuria Gutiérrez González	Ed. Infantil
5º	17	Santiago Cadarso Vázquez	Ed. Infantil
Grupo Mixto 5º/6º	17	Javier Fontao Barro	Ed. Infantil
6º	18	Eva Gómez Leira	Ed. Infantil
Apoio		Mª Carmen Paz Ladra (CC)	Ed. Infantil
<b>Educación primaria</b>			
1º A	18	Jesús F. Piñón Pérez	Educación Primaria
1º B	17	José Antonio Campos Santos	Educación Primaria/ EF-EI
2º A	14	Cristina Soto Fernández	Educación Primaria
2º B	14	Laura Adela Fdez. Blanco	Educación Primaria
3º A	24	Mª Elisa Pardo Montero	Educación Primaria
3º B	23	Dolores Freire Villar (CC)	Educación Primaria /EF 1º



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 16 de 49

4º A	25	Mª José Ruán Serantes	Educación Primaria
4º B	24	Carme Castro Pereira	Educación Primaria
5º A	20	Ana Mª Ramos Montero (XE EI- EP)	EP LG, CM, PV-LG 1ºB
5º B	18	José Manuel Cruz Regueiro	Educación Primaria
6º A	19	Mª Carmen Fernández Ferreira	Educación Primaria
6º B	19	Gloria Margaride Pérez	Educación Primaria
ESPECIALISTAS	Juan Ramón Alonso García (CC)		Audición e Linguaxe
	Mª del Carmen Hermida García		Pedg. Terapéutica
	Mª Jesús López Maiztegui		Pedg. Terapéutica (Motóricos)
	Genoveva Romero Crego		L. Inglesa EI, 1º a 3º EP
	Mª del Carmen Barro Sueiras		L Inglesa 4º a 6º EP
	Mª Dolores Somoza Rodríguez		Relixión EI e EP
	Manuela Mª Filgueira Rico (Itinerante co CPI de San Sadurniño)		Relixión 5º EP
	Teresa de Jesús Dopico Rivera (Coord EDNL)		Música
	Diego Bouza Padín (CC)		Ed. Física, 2º-6º de EP
	Francisco Cordido Insua (Coord. Abalar)		MT, LC, AE 5ºA, AE 2ºA





CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA


Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 17 de 49

<b>Educación Secundaria Obrigatoria</b>			
1º ESO A	22	Iván Hinojo Sánchez / Luisa de Marillac Sánchez López	Matemáticas/Relixión
1º ESO B	21	Begoña Lourido Romeu	Francés
2º ESO A	14	Daniel Díaz Viqueira	Música
2º ESO B	13	María Mar Villares Díaz	Xeografía e Historia
3º ESO A	23	María Alicia González Alonso	Plástica e Visual
3º ESO B (PDC)	5	Tania María Ruanova Suárez	Física e Química
4º ESO A	25	Juan Luis Allegue Iglesias	Educación Física
4º ESO B (PDC)	7	Alejandro Cadarso Vázquez	Inglés
		Luisa de M Sánchez López (XD)	Relixión ESO
		Mª Alicia González Alonso (XD)	Plástica e Visual
		Iván Hinojo Sánchez	Matemáticas
		Tania Ruanova Suárez (XD)	Física e química
		Alejandro Cadarso Vázquez (XD)	Lingua Inglesa
		David Eiroa Ouviaña (XE ESO) (XD)	Biología e Xeoloxía



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 18 de 49

	Graciela Grande Veloso (Secretaria) (XD)	Lingua Galega
	Mercedes Bustabad Pérez	Lingua Inglesa
	Daniel Díaz Viqueira	Música
	M <sup>a</sup> Delfina Bañobre Durán (Responsable de Calidade)	Matemáticas
	Cándida Damota Picos	Ped. Terapéutica
	Cristina Martínez Romero (XD)	Orientación
	Begoña Lourido Romeu (XD)	Lingua Francesa
	Juan Luís Allegue Iglesias (XD)	Educación Física
	Antonio Cebreiro Melero (Director) (XD)	Xeografía e Historia
	Guadalupe Dacosta López	Lingua Castelá
	María Mar Villares Díaz	Xeografía e Historia
	María Esther López Fraga	Lingua Galega



Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 19 de 49

## 4. DISTRIBUCIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE ESCOLAR

En EI e EP modifícase o horario das sesións e do tempo de lecer para dar cabida a unha sexta sesión na que se traballará o plan lector e o plan de convivencia .

### 4.1 Sesións.

As actividades desenvolveranse en xornada continuada de mañá, en sesións segundo se reflicte no cadro seguinte:

	HORA	HORARIO		HORA	HORARIO
EI	1ª	9:35 – 10:25	E S O	1ª	9:35 – 10:25
	2ª	10:25 – 11:15		2ª	10:25 – 11:15
	3ª	11:15 – 12:05		<b>Recreo</b>	11:15 – 11:30
	<b>Recreo</b>	12:05 – 12:30		3ª	11:30 – 12:20
EP	4ª	12:30 – 12:55		4ª	12:20 – 13:10
	5ª	12:55- 13:45		<b>Recreo</b>	13:10 – 13:25
	6ª	13:45 – 14:35		5ª	13:25 – 14:15
				6ª	14:15 –15:05
				<b>Comida</b>	15:05-16:45
				7ª Xoves	16:45 – 17:35
				8ª Xoves	17:35 – 18:25

### 4.2 Recreos.

Os períodos de descanso serán de vinte e cinco minutos para o alumnado de Educación Infantil e Primaria e dúas sesións de quince minutos para Educación Secundaria.

Establécense as quendas de uso das instalacións para este tempo de lecer.

EI e 1º de EP utilizará a zona do parque de EI, no caso de chuvia o alumnado de EI irá ao patio cuberto, ou ao ximnasio según as quendas de Educación Física, e o de 1º de EP ao patio da cafetería.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 20 de 49

O alumnado de 2º de EP e 2º e 3º Ciclo de EP así como o alumnado de ESO utilizará o patio da cafetería e a zona exterior limítrofe en horarios diferentes.

### 4.3 Quendas de vixilancia.

As quendas para o control das entradas e saídas dos alumnos do centro serán atendidas polo persoal que realiza as gardas de acompañamento.

As quendas de recreo quedan reflectidas no cadro seguinte:

#### Educación Infantil e Primaria

Lugar	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Patio EI	Eva Gómez	Iago Cadarso	Blanca Riveira	Carmen Paz	Gema Romero
Patio EI	Mª Jesús López	Jesús Piñón	Teresa Dopico	José Antonio	Javier Fontao Nuria Gutiérrez
Pat Caf.	Diego Bouza	Laura A. Fdez	Patricia Ferreiro	Gloria Margaride	Carmen Castro
Pat Caf.	Dolores Somoza	Juanra Alonso	Cristina Soto	Carmen Hermida	Maria Ruán



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 21 de 49

### Educación Secundaria Obligatoria


	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>Biblioteca</b>	Juan Luis Allegue	Graciela Grande	Alejandro Cadarso	Tania Ruanova	Eva Couce
<b>Corredor</b>	Lupe Dacosta	Tucho Méndez		Candy Damota Begoña Lourido	
<b>Patio</b>	Graciela Grande	Dani Díaz	Alicia González	Tucho Méndez	Begoña Lourido
<b>Patio</b>	AntonioCebreiro	Candy Damota Begoña Lourido	Cristina Martínez	Alicia González	Delfina Bañobre
<b>Dirección</b>	David Eiroa	Antonio Cebreiro	Delfina Bañobre	Graciela Grande	AntonioCebreiro

#### 4.4 Horas complementarias fixas.

As horas complementarias fixas en EI e EP quedan distribuídas segundo figura no horario persoal de cada mestre.

Todos os martes lectivos de cada mes acudirase para facer as reunións de CCP e as de Coordinación de Ciclo, EDLG, ACE, .. e a hora de atención ás familias.

En ESO figuran dentro do horario persoal de cada compoñente do profesorado. Hai que salientar que non se puido contemplar a todo o profesorado as horas de Atención a Alumnos e as horas de Atención a Pais, para os que non teñen titoría unificouse nunha única sesión.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 22 de 49

#### **4.5 Horas complementarias non fixas.**

Educación Secundaria: Os 1º martes lectivos de mes o profesorado que forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Ademais, de luns a venres por quendas, todo o profesorado, agás o que ten clase o xoves pola tarde e o de EI e EP que ten algunha coordinación, acude ao centro en horario de 16:30 a 18:30 mentres teñen lugar as actividades extraescolares relacionadas coa Xornada Única organizadas pola ANPA.

Tamén terán lugar, preferentemente os martes ou mércores, cando sexa preciso as reunións de Órganos Colexiados, avaliacións e reunións dos grupos de traballo ou dinamización. As reunións do EDLG serán os xoves ás 15:45 para facilitar a asistencia do alumnado

#### **4.6 Asignación de mestres ós equipos**

Os mestres/as sen titoría que non pertencen a ningún equipo docente integraranse nun ciclo segundo o indicado no seguinte cadro organizativo.

#### **4.7 Cadro de organización pedagóxica**

No cadro que se achega a continuación establécense:

Equipos e calendario de permanencia.

Calendario de reunións.

Equipo de actividades: mestres incorporados aos diferentes equipos de dinamización.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

### Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 23 de 49

#### Membros da EDLG (Comp. Mestres asignados a E .Docentes)


Ed. Infantil	Blanca Riveira Roca	
Ed. Primaria	Carmen Castro Pereira	
	Teresa Dopico Rivera	Coordinadora
Ed. Secundaria	Maria Esther López Fraga	
	Begoña Lourido Romeu	
Equ. Direct	Ana Ramos Montero	
Alumnado	Iria Domínguez Robles	
	Uxía Fernández Díaz	
	Noelia Uceira Villar	
	Samuel Casas Caamaño	
	Miguel Pena López	
	Julian Mouriz Fonticoba	
PND	Mariel Vázquez Vergara	

#### Reunións

Titorías	Citas cos pais/nais	Terceiro martes lectivo de cada mes	
CCP e Ciclos	Coordinación equipos docentes	Primeiro martes lectivo de cada mes	16:30 19:30
EACEE	Compoñentes	Cando sexa necesario	
EDLG	Compoñentes	Primeiro xoves lectivo de cada mes	15:45 16:45

#### Equipos docentes (mestres asignados)

EI	Titores	Carmen Paz Ladra (AP) Patricia Ferreiro (PT)
1º Ciclo	Titores	Juan Ramón Alonso García (AL) Teresa Dopico Rivera (MU)
2º Ciclo	Titores	Mª Jesús López Maiztegui (PT) Genoveva Romero Crego (LI)
3º Ciclo	Titores	Mª del Carmen Barro Sueiras (LI) Mª Dolores Somoza Rodríguez (RE) Francisco Cordido Insua (MT, LC, AE) Diego Bouza Padín (EF) Carmen Hermida García (PT)



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

# MANUAL DE DOCUMENTOS

## PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0


Data: 15/02/05

Páx. 24 de 49

### Equipos Dinamización

<b>DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA</b> <b>Elaborar e poñer en práctica o Plan Anual de Lectura</b> <b>Organizar e dinamizar a actividade da Biblioteca</b>	<b>Carmen Barro Sueiras</b> David Eiroa Ouviaña Eva Couce Coba Mercedes Bustabad Alicia González Alonso Guadalupe Dacosta López	Carmen Paz Ladra Jesús Francisco Piñón Pérez M <sup>a</sup> Dolores Somoza Rdquez. Genoveva Romero Grego M <sup>a</sup> José Ruán Serantes Nuria Gutiérrez González
<b>EDLG</b> <b>Elaborar e aplicar o Plan dinamización anual</b>	<b>Teresa de Jesús Dopico Rivera</b> M <sup>a</sup> Carmen Castro Pereira Blanca Esther Riveira Ana M <sup>a</sup> Ramos Montero M <sup>a</sup> Esther López Fraga Ana M <sup>a</sup> Ramos Montero	Begoña Lourido Romeu
<b>DINAMIZACIÓN CONVIVENCIA ESCOLAR</b> <b>Redactar e poñer en práctica o Plan de Convivencia</b>	<b>Cristina Martínez Romero</b> M <sup>a</sup> Carmen Fernández Ferreira Gloria Margaride Pérez M <sup>a</sup> Jesús López Maiztegui Juan Ramón Alonso García Maria del Mar Villares	Elisa Pardo Montero Patricia Fernández Ferreiro Eva Gómez Leira Tania Ruanova Suárez Candida Damota Picos Antonio Cebreiro Melero
<b>DINAMIZACIÓN DAS TICs</b> <b>Elaborar Plan TICs</b>	<b>Andrés Díaz Prieto</b> Graciela Grande Veloso Alejandro Cadarso Vázquez Iván Hinojo Sánchez Daniel Díaz Viqueira	Diego Bouza Padín Iago Cadarso Vázquez Francisco Cordido Ínsua José Manuel Cruz Regueiro José Antonio Campos Santos
<b>EACEE</b>	<b>Laura Adela Fdez Blanco</b> Javier Fontao Barro Dolores Freire Villar Cristina Soto Fernández M <sup>a</sup> Carmen Hermida García	Luisa de Marillac Sánchez López Juan Luís Allegue Iglesias





CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 25 de 49

#### **4.8 Relacións entre os diferentes equipos**


A EDLG encargárase de todas aquelas actividades que se desenvolvan e galego coa colaboración doutros departamentos: Magosto, Entroido, Letras Galegas, Medio Ambiente.

O EACE encargárase doutras que ben poden desenvolverse en Galego ou noutras linguas: Nadal, Día da Paz, Día do Libro, Fin de curso. Nas actividades ou conmemoracións que ben a tempo parcial ou total se fagan en galego deberá coordinarse ca EDLG e este incluíraas dentro do seu proxecto e memoria.

O EACE coordinará tamén aquelas actividades ou conmemoracións que poidan ser levadas a cabo polos equipos docentes como: Dereitos Humanos, Constitución e Autonomía, prensa, día da saúde, de Europa...

Os Equipos de dinamización que poidan constituírse funcionarán dun xeito coordinado e a tal efecto realizarase unha reunión de coordinadores unha vez por mes.

O indicativo dunha boa colaboración entre tódolos equipos será o éxito e a boa marcha das actividades programadas.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 26 de 49

#### **4.9 Equipo Actividades Complementarias**

A coordinadora, Laura Adela Fernández Blanco, emitirá informes periódicos, por escrito ou a través do correo electrónico sobre as actividades que son ofertadas para que sexan estudadas polos equipos, logo trataranse nas xuntanzas da CCP.

Publicará mensualmente na sala de mestres un cadro de distribución dos espazos e as dependencias, sesións ocupadas e sesións libres para que poidan ser utilizados por quen o necesite.

### *5. ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE*

#### **5.1 Equipo Directivo**

Reunirase os luns para o que se coidou na elaboración do horario a coincidencia das horas de liberación por cargo. Tratará todos os temas relacionados co Centro e a Comunidade Educativa e tomará decisións como órgano colexiado.


Como principal cometido está velar para que se leve adiante con éxito o que recolle este plan xeral anual, tratando de melloralo se cabe, impulsar as relacións co resto da comunidade mediante a información e a organización de recursos así como garantir os dereitos de todos os membros da comunidade.

Respecto a cada membro velar porque realice aquelas funcións que lle son propias e que están recollidas na regulamentación vixente.

En caso de ausencia substitúe ao director Dona Ana M<sup>a</sup> Ramos Montero.

#### **5.2 Claustro de profesorado.**

Reunirase en sesión Ordinaria os martes pola tarde cando sexa necesario e será convocado, a través do correo electrónico, cunha semana de antelación pola Dirección do Centro. Os claustros

 <b>CPI de ATIOS</b> Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	<b>Programación Xeral Anual.</b>	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 27 de 49

extraordinarios poderán celebrarse calquera outro día a calquera outra hora.

Trataranse tódolos temas relacionados con:

- A organización pedagóxica
- Os protocolos de actuación fronte ás diferentes circunstancias que poidan xurdir.
- Todo tipo de actividades.

Nas actas, que ao igual que as convocatorias serán enviadas por correo electrónico, recolleranse a asistencia, os acordos tomados que terán carácter vinculante e as intervencións que se soliciten.

### **5.3 Consello Escolar.**

As reunións do Consello Escolar realizaranse un mínimo de seis veces no presente curso para atender:


- 1º Trimestre:
  - Inicio de curso e Días non Lectivos
  - PXA
  - Eleccións Consello Escolar
- 2º Trimestre: Contas exercicio anterior.
- 3º Trimestre: Adxudicación vacantes

Memoria Fin de Curso.

E tantas veces como sexa necesario, segundo xurdan necesidades.

Tanto as convocatorias como as actas serán enviadas por correo electrónico a aqueles compoñentes do Órgano Colexiado que dispoñan do mesmo.

Este ano está previsto realizar eleccións ao Consello Escolar para a renovación da metade do mesmo. Estas eleccións terán lugar o 29 de novembro.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 28 de 49

#### **5.4 Comisión de Coordinación Pedagóxica**

Órgano de coordinación dos diferentes Equipos e Departamentos docentes. As súas funcións son as establecidas na lexislación vixente e trataranse tamén todos aqueles asuntos pedagóxicos que poidan xurdir ao longo do curso e que os coordinadores dos equipos docentes trasladen a esta comisión, empregando o procedemento de: detección, análise e proposta de solucións para levar ó claustro para súa aprobación.

As reunións realizaranse, segundo se recolle no cadro organizativo, o primeiro martes lectivo de cada mes e en calquera outra ocasión que os imprevistos o demanden.

Está constituída polos seguintes membros: director, xefes de estudos, coordinadores de ciclo, xefes de departamento, xefe do equipo de EDLG, xefe do equipo de ACEE, responsable da Biblioteca, Coordinador Abalar.

Actúa como secretario : Iván Hinojo Sánchez


#### **5.5 Xunta de delegados**

Informar ao alumnado daquelas cuestións que poidan afectarlles.

Informar á dirección do centro das demandas e necesidades que poida ter o alumnado.

### 6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS e ORGANIZATIVAS ATENCIÓN AO ALUMNADO E AO QUE PRESENTE NEE E DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

#### **6.1 Espazos para a atención ao alumnado.**

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 29 de 49

O alumnado recibirá a atención dos seus titores na aula, podendo acudir aos diferentes espazos complementarios: aulas de informática e biblioteca, para o que se colocará un calendario mensual de horario dispoñible en cada espazo, no que cada profesor seleccione a sesión que ocupará cos seus alumnos.

Cando sexa posible, e sen interferir nas necesidades organizativas do centro, poderase facer desdobres para acudir en grupos reducidos aos diferentes espazos.

## **6.2 As especialidades LOXSE**

Serán impartidas polos mestres/as especialistas nas aulas específicas ou na aula de referencia. O profesor especialista acompañará aos alumnos nos dous traxectos de cambio de aula.

O alumnado con necesidades educativas especiais recibirá apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, nas aulas ordinarias ou específicas según as súas necesidades.

Existe profesorado que presta apoio nos grupos de EI, EP e ESO xa tratados nos punto 1.3 e que figuran no cadro organizativo.

## **6.3 NEE e alumnado con dificultade de aprendizaxe.**


Procurarase a máxima integración destes alumnos no seu grupo sen que a atención individualizada supoña un illamento do alumno.

O reforzo educativo tentará ser un elemento motivador compensatorio da capacidade e ritmo de desenvolvemento deste alumnado.

As adaptacións curriculares así como os agrupamentos puntuais deste alumnado na aula específica non deben ser nunca definitivas nin permanentes na etapa, debendo manterse o tempo necesario pero establecendo un período de remate das mesmas. Con posterioridade poderase seguir co reforzo educativo.

## **6.4 Criterios para a organización da atención á diversidade.**

Alumnado con NEE e informe do Departamento de Orientación

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 30 de 49

Alumnado con dificultades para aprendizaxe, con informe do orientador ou a petición do titor previo exame por parte dun membro do equipo de orientación.

Alumnado con problemas de conduta.

Alumnado procedente do estranxeiro.

### **6.5 Equipo de Orientación.**


Contribuír ao desenvolvemento do plan de acción tutorial, facer un seguimento do alumnado con NEE, facer estudos pedagóxicos dese alumnado, prestar asesoramento na elaboración das medidas ACI e RE, colaborar nos plans de apoio, aplicar probas tipo, elaborar informes, entrevistarse coas familias, participar nas xuntas de avaliación, .....

A súa actuación máis polo miúdo figura na programación do departamento.

### **6.6 Concreción do Plan xeral de Atención a Diversidade**

#### **A) Introducción**

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación, de 3 de maio, no seu artigo 121 establece que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. En consoancia con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais. En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixos vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o máis eficaces posible para tódolos

 <p>CPI de ATIOS Valdoviño</p>	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	<b>Programación Xeral Anual.</b>	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 31 de 49


escolares, independentemente das súas condicións socio-familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Neste marco referencial, entendemos o Plan de Atención á Diversidade como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro deseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas. Con esta adecuación, trátase de intentar conseguir que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquira as Competencias Básicas e os obxectivos establecidos para as etapas educativas que se imparten no noso centro.

En xeral, no noso centro, o alumnado é bastante homoxéneo aínda que presenta dificultades en casos concretos para a formación de grupos e para a integración dos casos de alumnado con características persoais específicas.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo está bastante repartido por tódolos niveis de ensino que se imparten no CPI, circunstancia que obriga a contemplar a necesidade de dar un apoio regular en moitos cursos. Cada curso incrementase este tipo de alumnado.

Hai un número elevado de alumnado con necesidades de apoio por parte do especialista de audición e linguaxe e este curso tampouco se enviou un docente desa especialidade cando levamos cursos demandando a creación dunha segunda praza definitiva desta especialidade. Si que continúa a especialista en comisión de servizos de PT coa función de atender preferentemente ao alumnado con trastornos motóricos e, este curso contamos tamén cunha especialista en PT afín con EI.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 32 de 49

En canto a recursos persoais, ademais do profesorado que rexenta titoría, dos especialistas en áreas curriculares e, dos profesores de materia, dispoñemos de:

- ❖ Un mestre de AL
- ❖ Dúas mestras de PT con destino definitivo, outra en comisión de servizos para atención preferente para alumnado motorico e unha terceira PT afín con EI
- ❖ Dúas profesionais de persoal auxiliar-coidador
- ❖ Unha orientadora.

### **B) Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade**

Organizamos a resposta educativa ós alumnos/as en base ós principios de normalización e integración. Por tanto, a primeira atención recíbea o alumnado no seu grupo clase por parte da titora ou titor, pero establecemos medidas máis específicas dirixidas a aquel alumnado ó que non é posible prestarlle a atención adecuada unicamente coa intervención do mestre/a que rexenta a titoría.

#### *Medidas ordinarias:*

Son as actuacións e programas dirixidos a previr,compensar e facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario,sen alterar ningún dos seus elementos esenciais, co fin de que a totalidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de curso, etapa e/ou nivel.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a





CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 33 de 49


adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo. Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras. É importante que se reflectan no Proxecto Educativo de Centro.

- Todas estas medidas son complementarias entre si:

- ❖ Preventivas
- ❖ Organizativas
- ❖ Curriculares
- ❖ Metodolóxicas
- ❖ De coordinación


#### a) Preventivas

- ✓ Plan de Acollda de alumnos/as de educación infantil.
- ✓ Contamos no centro coa figura do mestre de apoio en Ed. Infantil.
- ✓ Coordinación co equipo docente para realizar unha avaliación inicial ante a chegada dun alumno novo.
- ✓ O profesor de AL, ao finalizar a etapa de EI, fará unha valoración dos alumnos propostos polos titores para detectar as posibles dificultades e deseñar as intervencións necesarias.
- ✓ Seguimento e avaliación dos alumnos/as que presentan certas dificultades, a través de probas de nivel e de capacidade, para coñecer o que o alumno é capaz de realizar de forma autónoma, se vai seguindo o ritmo da clase.
- ✓ Coordinación con outros servizos para a detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 34 de 49

### b) Organizativas

- ✓ Aproveitar ao máximo os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como unha adecuada organización dos mesmos.
- ✓ Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
- ✓ Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que esta suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando cómpre.
- ✓ Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen có alumnado.
- ✓ **Organizar grupos de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado** e na distribución inicial dos agrupamentos. (apoios, desdobres,...). Realízanse grupos de reforzo pedagóxico realizado preferentemente polos profesores implicados no ciclo. Nas sesións de avaliación concretarase que alumnos deberán recibir reforzo polos profesores de ciclo. O departamento de orientación colaborará realizando asesoramento sobre a resposta educativa a estes alumnos e, nos casos que se considere necesario, realizará a correspondente avaliación psicopedagóxica
- ✓ Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- ✓ Organización de **actividades individuais e grupais**: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de estimulación, de


 <b>CPI de ATIOS</b> Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 35 de 49

enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.

- ✓ Realizar un **seguimento individualizado** de aqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.

#### c) Curriculares

- ✓ **Priorizar obxectivos** e seleccionar os **contidos mínimos** propios do ciclo/curso.
- ✓ **Variar a temporalización dos mesmos.**
- ✓ Incluir obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.
- ✓ Enriquecer o currículo das áreas con referencias e aportacións de diferentes culturas.
- ✓ **Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario.** De forma que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
- ✓ **Preparar actividades complementarias, de ampliación ou profundización,** dirixidas, a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- ✓ **Adaptacións de acceso ao currículo.** Son axudas, recursos materiais e


 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 36 de 49

medios técnicos que compensan as dificultades ou incapacidades dos alumnos/as con discapacidades físicas ou sensoriais para poder acceder ao currículo.

- ✓ **Medidas de profundización e enriquecemento.** Para o alumnado de altas capacidades, se deberán propor actividades de profundización e enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- ✓ **Afianzar os contidos do ciclo/curso anterior.**
- ✓ Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación; variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información; unificar criterios e procedementos na recollida de información; rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado; diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- ✓ Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- ✓ Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- ✓ Programas de reforzo nas areas instrumentais básicas para o alumnado de 1º e 2º da ESO.

#### d) Metodolóxicas:

- ✓ **Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe,** entre outras: aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- ✓ **Combinar diferentes tipos de actividades:** traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.

 <p>CPI de ATIOS Valdoviño</p>	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 37 de 49

- ✓ Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais, graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que podan presentarse e planificándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.
- ✓ Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. Traballo autónomo, actividades dirixidas,...
- ✓ Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula **distintas formas de agrupamento**, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- ✓ Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.
- ✓ Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.

#### e) De coordinación

- ✓ **Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial**, incidindo nos seguintes aspectos: o seguimento individual e grupal do alumnado, o desenvolvemento integral do alumnado, a colaboración periódica coas familias, a coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo, co fin de facer un seguimento de casos e colaborar en determinadas intervencións cando así se requira.
- ✓ Proposta e **desenvolvemento de Plans de Orientación Académica**, que inclúan actuacións de diverso tipo: informativas, preparatorias para a incorporación ao novo centro e outras.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

#### Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 38 de 49

- ✓ **Reunións periódicas do profesorado** que intervén cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das súas actuacións.
- ✓ Intervención doutros profesionais: procurárase realizar unha intervención coordinada entre os auxiliares educadores, fisioterapeutas e outros profesionais contribúa á consecución de obxectivos educativos.

#### *Medidas extraordinarias*

Son as actuacións que se toman nun centro para responder a unhas necesidades educativas específicas moi concretas que presenta o alumnado e requiren da organización duns recursos persoais e materiais concretos. Adóptanse cando se esgotaron as medidas ordinarias. Este curso, estamos levando a cabo as seguintes:

- ✓ Permanencia excepcional dun curso máis na etapa tanto en E.Infantil dunha alumna.
- ✓ Reforzos educativos dentro e fóra da aula polos mestres especialistas de PT e AL. A principio deste curso, o número de alumnos/as atendidos por estes especialistas, son os seguintes:

○ **En Ed. Infantil e Primaria:**

- PT: 21
- AL: 10

○ **En ESO:**

- PT: 9
- AL: 2

- ✓ **Adaptacións curriculares individualizadas.** Modificacións que se realizan, previa avaliación psicopedagóxica, que afecta aos elementos prescritivos do currículo oficial por modificar obxectivos xerais da etapa, contidos básicos das diferentes áreas curriculares e criterios de avaliación.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 39 de 49

○ **En Ed. Infantil e Primaria:**

- **5**

○ **En ESO:**

- **8**

✓ **Programas de Diversificación Curricular en 3º e 4º da ESO.**

○ **En 3º ESO:**

- **5**

○ **En 4º ESO:**

- **7**

Daranse **prioridade ás medidas ordinarias** sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine.


A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen.

A implantación das medidas de carácter extraordinario deberá contar coa aprobación das instancias oportunas e axustarse a lexislación pertinente que regula o procedemento a seguir respecto á súa adopción.

### **C) Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas**

#### *Organización dos apoios*

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado cón fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa.

 <b>CPI de ATIOS</b> Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	<b>Programación Xeral Anual.</b>	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 40 de 49

Naqueles casos de neae, **o diagnóstico da orientadora do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe**. Non será necesaria a emisión de informe no caso de dificultades de fala, que serán atendidas polo mestre de AL, sempre que a súa dispoñibilidade horaria o permita.

**Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas**. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballárase en conformidade á mesma.


**Os apoios se impartirán preferentemente en horario que non afecte a Ed. Física, Música, Plástica e Lingua inglesa no caso de primaria**. Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

**As familias** do alumnado susceptible de reforzo **serán informadas** das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

**O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible**. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas (alumnado con **desfase curricular considerable**).
- Alumnado que teña que recibir **atención específica** por parte do especialista de **Audición e Linguaxe**. Serán sesións curtas preferiblemente de media sesión.
- **Alumnado de distintas aulas agrupado nunha mesma sesión**.
- **Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade**.



 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 41 de 49

➤ **Alumnado de 2º e 3º ciclo de E.P. e da ESO que non domine as técnicas instrumentais básicas.**

Estes apoios levaranse a cabo polas especialistas de Pedagogía Terapéutica e o especialista de Audición e Linguaxe, se fose posible por necesidades horarias. Salvo excepcións, os apoios fóra da aula non excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva.

En xeral, o alumnado que reciba apoio de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non terá máis reforzos fóra da aula para non incidir negativamente na súa integración.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.


Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención co alumno/a concreto que presenta algunha alteración respecto á norma.

*Priorización das intervencións:*

A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a éste, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerese polos seguintes criterios:

1. **Priorizar** as intervencións de casos de **maior gravidade (ACNEEs de carácter permanente derivadas de deficiencias físicas, psíquicas, sensoriais o problemas graves de personalidade).**

2. Aquel alumnado que manifeste un desfase curricular significativo e teña unha **ACI**. Poderá ser apoiado polo profesorado de PT dentro do aula ou fóra dela en pequeno grupo.

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 42 de 49

3. Aquel alumnado que presenta **desfase curricular** e se considera que coa atención individualizada do profesorado titor ou doutros profesores non vai lograr progresar adecuadamente. Este reforzo poderá ser transitorio si o alumno /a supera as súas dificultades.

4. Alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe**. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos de maior gravidade.


5. **Novo alumnado ao que se lle detecten neae. Priorizaranse os ciclos máis baixos.**

*Modalidades de atención:*

➤ **O profesor titor/a atende individualmente a un alumno/a** que precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista ou coa intervención do profesorado de Apoio a Infantil no caso deste ciclo. Esta medida, que estará a cargo dos titores ou do profesorado especialista en ditas áreas está destinada ao alumnado que pode seguir o currículo ordinario do curso no que está escolarizado, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada tanto en aspectos curriculares como en estratexias de aprendizaxe e pautas de traballo.

➤ **Apoios temporais dentro do aula.** Atención por parte do especialista ou doutro profesor/a, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto: Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor ordinario levar un ritmo "normal" mentres que se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.

➤ **Atención especializada por parte do profesorado de apoio.** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 43 de 49

súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES ORGANIZADAS POLO CLAUSTRO

O seu desenvolvemento figura na programación do Equipo de ACEE

## 8. EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O plan de actuación específico para a potenciación da lingua galega consta na programación desta Equipa. Este curso actúa como coordinadora Teresa de Jesús Dopico Rivera

## 9. RELACIÓN COA COMUNIDADE E A FAMILIA.


### **9.1 Clima de colaboración**

A relación dos membros do claustro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación. Este clima potenciarase sobre todo nas reunións de titoría, con motivo de informar e obter informacións dos pais que favorezan o desenvolvemento do proceso educativo.

Os titores manterán contacto cos pais, de xeito individual ou colectivo, mediante reunións que se celebrarán os días establecidos para cada titor, previa cita, ou calquera outra data acordada polas dúas partes.

### **9.3 Relacións coas entidades**

O Centro, a través dos órganos colexiados e os membros que os constitúen, tentará soste unha estreita colaboración cos membros da Comunidade Educativa e aquelas entidades como Concello, ANPA,



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 44 de 49

AAVV, Asociacións culturais... en todas aquelas facetas relacionadas coas necesidades do Centro ou nas que o Centro poida aportar a súa colaboración.

Para a realización das actividades complementarias e extraescolares colaborárase estreitamente coa ANPA do CPI de ATIOS, co Concello e coas Asociacións Culturais e Deportivas que se atean ao disposto na lexislación vixente.


### **10 CRITERIOS PARA ELABORACIÓN DE HORARIOS.**

Os criterios que procuran a confección dun horario equilibrado para todos, alumnado e profesorado, son os seguintes.

Distribuír as materias dos profesores ao longo da semana.

Non á coincidencia de tres materias de menor asignación horaria.

- Disposición dos espazos con respecto as aulas do Ximnasio e a Aula de Música. /Aula Tecnoloxía / Informática para compartir a súa utilización .
- Especialidades a partir do recreo para aproveitamento das primeiras horas nas materias dos titores. Primeiro en Infantil polo seu programa de traballo.
- Intentar poñer, a lo menos, unha especialidade por día así como non coincidir en días consecutivos.
- Facer coincidir E.F. e MU nunha sesión no mesmo nivel, para aproveitamento de ensaios ou xuntanzas de cursos para proxectos comúns.
- Compensación de horarios entre profesores para que non haxa grandes diferenzas.
- Se hai problemas específicos nas clases teranse en conta as recomendacións dos titores con respecto a certas materias.
- Faise unha sondaxe entre o profesorado para posibles suxestións ou preferencias, sempre que se poidan cumprir.
- Que tódalas horas haxa alguén de garda, polo menos unha persoa.
- As optativas en ESO.

 <b>CPI de ATIOS</b> Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 45 de 49

## **11. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **11.1 COMEDOR ESCOLAR.**

O Comedor Escolar pertence, de momento, ao tipo C. A beca para cada alumno/a no curso pasado foi de 1,92 €/ día para alumnos de Infantil e Primaria e de 2,22 € para os alumnos de ESO. Os pais do alumnado bolseiro non aportan ningunha cantidade e os contribuíntes, de non ter axuda do 100%, en función das súas características aportan 1,52 ou 3,21 €. O Comedor deste Centro está atendido polo seguinte persoal laboral:

- 1 cociñeira ,2 axudantes de cociña
- 7 pais/nais/colaboradores.
- Alumnos Bolseiros:                    145 (media, de 3 anos ata 4º de ESO)
- Alumnos contribuíntes:                21 (media)
- Profesores contribuíntes:              4 (media)

Este curso continuamos cos menús elaborados e implantados hai cursos según as indicacións da dietista, tentando pór a nosa aportación na loita contra a obesidade infantil. Introducíranse algunhas modificacións en colaboración co alumnado dos cursos superiores que son os que máis descontento amosaron nas enquisas de satisfacción pasadas no remate de curso.

Implantaremos na súa totalidade a Análise e Prevención de Puntos Críticos de Control (APPCC) para cumprir co establecido na lexislación vixente no tocante á manipulación, elaboración e distribución de alimentos.

Para encargada de comedor foi nomeada unha nai, Mariel Vázquez Vergara, con isto pretendemos abrir os servizos complementarios á comunidade educativa e que esta se implique máis na vida do Centro.



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 46 de 49

Este curso sobrepasouse a capacidade do comedor escolar pero dende a Xestión de comedores da Xunta nos autorizaron 10 prazas máis, polo que todos os alumnos foron admitidos no comedor.

Aínda así, tentaremos dar continuidade ao noso labor de achegar ao alumnado usuario o que foi o lema dos últimos cursos da participación no Plan Valora " Novos aires, novos sabores, novos gustos, novos praceres".

Este curso, xa fóra do plan, continuaremos tentando sorprenden ao alumnado cos venres gastronómicos de " Imaxe, son e sabor". Neste caso colaboran o EDNL, a Biblioteca e o Comedor e pretenden integrar o cine, a música e a comida saudable nun mesmo proxecto educativo. O último venres de mes o menú do comedor e a ambientación do mesmo estarán relacionado cun filme da nosa videoteca e cuxa banda sonora será traballada na aula de música.

Tamén temos previsto un concurso de receitas tradicionais en colaboración co EDLG "Receitas do día despois" que se irán incluíndo no menú dos primeiros venres de mes. Esta actividade é unha das propostas recollidas no proxecto de Voz-Natura baseado na sustentabilidade do centro.

### **11.2 TRANSPORTE ESCOLAR.**

O transporte escolar deste Centro está cuberto por cinco empresas: Autos Camilo, Francisco Candocia Villadóniga (Autos Paco), ARRIVA NOROESTE, SL, Autos Rivas SL e Rías Altas SA. Nas entradas que coinciden para tódolos alumnos do CPI as rutas son as seguintes:


Ruta Nº 1. AUTOS CAMILO (O Muíño- Fino)

Ruta Nº 2. AUTOS RIVAS, SL (García- Rioboo)

Ruta Nº 3. RIALSA (Mercado-Carreira Enriba)

Ruta Nº 4 .RIALSA (Zapateiro-Mosende)

Ruta Nº 5. ARRIVA NOROESTE, SL (Coval- Braxe)



CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Páx. 47 de 49

Ruta Nº6. FRANCISCO CANDOCIA VILLADÓNIGA (Ladeira-Caneiro)

Ruta Nº 7. FRANCISCO CANDOCIA VILLADÓNIGA (Atalaia- Escola)

Ruta Nº 8. AUTOS RIVAS,SL (Carreira de Abaixo- Portamaior)

Ruta Nº 9 AUTOS CAMILO (Taraza – Porta do Sol)

Este curso hai acompañantes aportados polas empresas de transporte en en todas as rutas o que permite que alumnado de tres anos utilice este servizo.

Tamén hai saturación de alumnado no transporte, hai dúas rutas 4, e 1 que están ao límite da súa capacidade. Esta circunstancia causou, nos períodos de formalización de matrícula, un traballo adicional para o centro, para as familias e para o Concello que tivo que certificar as distancias do domicilio do alumnado ao centro para determinar quen tiña preferencia no uso deste servizo complementario.

### **12 AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA**

A comisión de seguimento para a avaliación diagnóstica a celebrar na data que determine a Consellería de Educación . Quedou formada por:

Antonio Cebreiro Melero      Director


Ana M<sup>a</sup> Ramos Montero      Xefe de Estudos de EI EP

David Eiroa Ouviaña      Xefe de Estudos de ESO

Cristina Martínez Romero      Orientadora

María José Ruán Serantes/M<sup>a</sup>del Carmen Castro Pereira      Titora de 4<sup>o</sup> de EP

Daniel Díaz Viqueira / María Mar Villares Díaz      Titores de 2<sup>o</sup> de ESO

 CPI de ATIOS Valdoviño	Avda. de San Sadurniño 19 15552 Valdoviño Tlfno:981487700 FAX: 981487063 <a href="mailto:cpi.atios@edu.xunta.es">cpi.atios@edu.xunta.es</a> <a href="http://centros.edu.xunta.es/cpideatios">http://centros.edu.xunta.es/cpideatios</a>	<b>MANUAL DE DOCUMENTOS</b>		
	Programación Xeral Anual.	<b>PXA</b>		
		Rev. 0	Data: 15/02/05	Páx. 48 de 49

Salientar neste apartado que , como pasa en moitas outras circunstancias, o traballo a realizar nos CPI´s é o dobre que no resto dos centros e este aumento de traballo non se ve compensado por ningures.

### **13 PROXECTO INTERDISCIPLINAR**

Este curso a petición das titoras de 1º de ESO terá lugar o seguinte proxecto interdisciplinar:

#### **O NOSO CONCELLO E ARREDORES:**

- PROFESIÓNS E OFICIOS (Antigos e actuais) da poboación → C. Sociais, Linguas, Matemáticas.
- FESTAS TRADICIONAIS → Ed. Física (Ex.: "O Camiño de San Andrés") e tódalas disciplinas.
- FESTAS GASTRONÓMICAS → C. Sociais, Linguas.
- ARTE POPULAR, RELIXIOSO ... → C. Sociais, Plástica e Visual, Relixión.
- FAUNA → C. Naturais, Relixión (respeto á Natureza)
- FONTES, REGATOS, RÍOS, LAGOS, FERVENZAS... → C. Sociais, C. Naturais, Relixión (respeto á Natureza).


#### **OBXECTIVOS:**

- 1) Profundizar no coñecemento do noso Concello e arredores.
- 2) Facer participar ás familias e aos alumnos/as a través da linguaxe oral (os maiores das familias, por ex.) contandolles a ubicación de antigas fontes, regatos ... e os alumnos/as o plasmarán por escrito.
- 3) Fomentar o traballo en equipo.
- 4) Expoñer os traballos nos corredores para compartilos cos demais.

#### **CONTIDOS:**

- 1) As profesións e oficios actuais e antigos dos habitantes do noso Concello e arredores.
- 2) O estudo das festas gastronómicas e tradicionais.
- 3) A arte coma herdanza dun pobo.
- 4) A natureza como parte moi importante do noso contorno.





CPI de ATIOS  
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

## MANUAL DE DOCUMENTOS

### PXA

Programación Xeral Anual.

Rev. 0

Data: 15/02/05

Pág. 49 de 49

#### **AVALIACIÓN:**

Avaliarase o traballo en grupo, a participación e soltura á hora de expoñer os contidos, o compañerismo, a presentación dos traballos, o interese mostrado polos alumnos/as.

#### **MATERIAL:**

Empregaremos cartolinas, folios, pinturas, lápices, tesoiras, pegamento, rotuladores ...

#### **INFORMACIÓN:**

Sacarémola de libros, enciclopedias, Internet e das distintas tradicións orais (familias, veciños, compañeiros ...).

Profesor de 1º ESO A: Iván Hinojo Sánchez

Profesor de 1º ESO B: Begoña Lourido Romeu